



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 39 - 5 de setembro de 2014

Seguridade e Saúde Laboral, formación, Comercial, CTNC, OdR...

1.- Actas: Aprobada a acta 37, está pendente a 38.

2.- Comisións: O falado na reunión do Comité Provincial de Seguridade e Saúde tratarase no seguinte Pleno pois está de vacacións o delegado que asistiu. Coméntanse non obstante varios aspectos relacionados coa seguridade e a saúde laboral: Houbo un accidente en Abe-gondo como consecuencia do mal estado de conservación dunha rede que ten moitos casos de cables baixos, postes podres, cruces eléctricos... entendemos que debe tratarse no CPSS a pesares de non haber implicados traballadores de Telefónica nin da contrata. Tamén se falou do mal funcionamento do aire acondicionado en Conxo e Hércules e das obras na fachada da central de Vite.

Comisión de Formación: Infórmase da xunta da Comisión Provincial de Formación do 23 de xuño, coa aportación dos datos estatísticos e un resumo dos temas alí tratados como a bolsa de profesores de Comercial sobre a que Formación non sabe nada e di que non é cousa súa, senón da Área. O compañeiro que antes xestionaba a formación, e asignaba cursos a profesores da bolsa, agora tamén os imparte. A figura do profesor ocasional, que a pesares do nome pode dar tantas horas de formación como un profesor interno; a formación de obrigado cumprimento...

Tamén se comenta a pouca antelación que se produce nalgunhas convocatorias, os problemas que poñen en Comercial para conectarse a facer os cursos de a+ ou os erros da plataforma onde aparecen cursos como realizados con só inscribirse, e que permiten obter o correspondente certificado, ou outros coa data de realización incorrecta.

Acórdase incluír para tratar en Comisión de Xestión a bolsa de profesores de Comercial, a formación de obrigado cumprimento, se computan como formación as charlas formativas, os erros da plataforma a+, o tempo que se permite aos comerciais para conectarse aos cursos de a+ que entendemos debe ser en períodos non inferiores ás dúas horas.

Tamén se incluír na Comisión de Xestión a creación en Tarragona dun grupo de traballo que realizará actividades para o CTNC e que fará provisión ao igual que o persoal da Coruña. Compre lembrar que cando se creou o grupo para facer provisión de Fusión Empresas na Coruña, a empresa intercambiou as actividades deste grupo (antes CNOC) con outro de Valladolid, tirando ao lixo toda a formación que tiñan ambos, argumentando que quería ter todo o persoal do CTNC na Coruña.

3.- Comercial: Punto proposto pola CIG, trátase o tema da gravación das chamadas en TMK de saída, onde se gravan todas as chamadas, todos os días, facendo unha limitación do dereito á intimidade do traballador que para nós non é xustificable.

Presentamos a seguinte proposta:

PROPOSTA CIG PLENO SETEMBRO 2014

Gravacións en TMKS:

No grupo de TMKS estanse a facer gravacións de todas as chamadas que realizan os comerciais durante a xornada laboral completa, as gravacións continúan unha vez finalizada a conversa entre comercial e cliente e despois de colgar a chamada manualmente, mentres o asesor non pecha a ficha do devandito cliente no ordenador. Cando se pecha esa ficha, entra outra automaticamente, grávase, por tanto, todo o que fala o comercial no seu posto de traballo, afectando incluso aos comentarios que poida facer o traballador entre chamadas e mesmo aos que fagan os compañeiros que se atopen máis próximos.

O Comité de empresa da Coruña, reunido en Pleno ordinario o 5 de setembro de 2014, acorda dirixirse á empresa para esixirle que non se graven mais conversas no posto de traballo e que se nos informe de que tratamento se lle está a dar ás gravacións xa realizadas, quen as garda, onde, durante canto tempo e con que fin.

Tras debater sobre as gravacións en TMK saída e a situación dos TMK de entrada, acórdase tratar o tema na Comisión de Xestión e pospoñer a proposta ata a súa celebración.

Remitirémolle aos outros sindicatos o escrito que a CIG presentamos á empresa sobre este tema e a resposta recibida de RRHH.

Tamén tratamos, nesta ocasión con motivo das recentes involucións na Carreira comercial, a deficiente e incorrecta maneira de medir as magnitudes que se teñen en conta para calcular produtividade, incentivos ou resultados, tomando sempre a xornada enteira e sen ter en conta o tempo realmente traballado en cada xornada (ausencias de parte da xornada por asistencia a cursos, médico, libranzas fraccionadas etc.)

4.- Varios:

Comentamos a situación en OdR A Coruña co descanso entre xornadas. Nunha resposta a unha IRCI dun compañeiro de OdR, RRHH indica que debe compensarse ese tempo pero o departamento non o fai. Estando a denuncia da Inspección aínda sen resolverse, onde tamén se trataba o tema do descanso entre xornadas, entendemos que debe facerse outra IRCI para que Recursos aclare a situación antes de adoptar outra medida como insistir na Inspección.